



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Literatura infantil e a súa didáctica	Código	652G01024	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Sobrino Freire, Iria	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es	
Profesorado	Sobrino Freire, Iria Verdini Deus, Xoan Carlos	Correo electrónico	iria.sobrino@udc.es xoan.verdini.deus@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer a tradición oral e o folclore.	A45	
Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e o seu ensino.	A47	
Coñecer e utilizar correctamente recursos de animación á lectura.	A50	
Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.	A51	
Achegarse á evolución e ás características fundamentais da literatura infantil en lingua galega	A51	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O concepto de literatura infantil	1.1. Que é a literatura infantil? 1.2. O nacemento e desenvolvemento da literatura infantil até a actualidade
2. A didáctica da literatura infantil	2.1. Introducción aos principais xéneros e a súa didáctica 2.1.1. A poesía infantil e a súa didáctica 2.1.2. A narrativa infantil e a súa didáctica 2.1.3. O teatro infantil e a súa didáctica 2.2. A biblioteca escolar e a animación á lectura
3. A literatura infantil en lingua galega	3.1. Un primeiro achegamento 3.2. A segunda metade do século XX e o século XXI 3.2.1. Os inicios (1950-1978) 3.2.2. A consolidación (1979-1988) 3.2.3. O desenvolvemento e o éxito (1989-2000) 3.2.4. O século XXI

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	18	18	36
Presentación oral	2	4	6
Traballos tutelados	0	20	20
Sesión maxistral	24	24	48
Proba de ensaio	1	20	21
Lecturas	0	16	16
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Resolución de tarefas prácticas a través de diversas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc.), co apoio e supervisión do profesorado.
Presentación oral	Exposición na clase do traballo tutelado.
Traballos tutelados	Traballo en grupo consistente na investigación sobre algún dos contidos do programa, no deseño dunha proposta didáctica ou na valoración crítica dunha experiencia relacionada coa literatura infantil.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesorado.
Proba de ensaio	Proba consistente en preguntas de certa amplitude, na que se valora o coñecemento dos contidos, a capacidade de razoamento e o espírito crítico.
Lecturas	Lectura de obras ou fragmentos seleccionados de obras de literatura infantil.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	A organización en grupos pequenos das sesións interactivas permitirá ao profesorado trabar coñecemento co alumnado e facer o seguimento dos seus progresos. As titorías constituirán, así mesmo, un espazo para a consulta e a resolución de diferentes dificultades que poidan xurdirlle a cada grupo ou alumno/a na elaboración do traballo tutelado.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Traballo en grupo e presentación oral do mesmo. A tarefa poderá consistir na investigación sobre algún dos contidos do programa, no deseño dunha proposta didáctica ou na valoración crítica dunha experiencia relacionada coa literatura infantil.	50
Proba de ensaio	Proba consistente en preguntas de certa amplitude, na que se valora o coñecemento dos contidos, a capacidade de razoamento e o espírito crítico.	50

Observacións avaliación
<p>A avaliación dos temas 1 e 2 realizarase mediante un traballo en grupo e a presentación oral do mesmo. O grupo estará constituído por un máximo de cinco persoas, e o prazo de entrega dos traballos rematará o día de exame establecido no calendario aprobado pola Xunta de Facultade. Á súa vez, a avaliación do tema 3 farase mediante unha proba escrita.</p> <p>Tanto o traballo como a proba escrita cualificaranse sobre un máximo de 5 puntos e, para que se poida realizar a suma da nota final, cada cualificación terá que ser igual ou superior a 2 puntos. Se a nota final é igual ou superior a 5 puntos a materia estará aprobada e, no caso contrario, suspensa.</p> <p>O alumnado que conorra á oportunidade de xullo estará obrigado a examinarse da parte ou partes suspensas, é dicir, aquelas nas que na oportunidade de xaneiro obtivera unha cualificación inferior a 2,50 puntos. De todas as maneiras, este alumnado poderá repetir a parte aprobada en xaneiro, caso no que a cualificación de xullo será a única válida para a suma da nota final.</p>



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías